

ORDENANZA N° 16:

ORDENANZA REGULADORA DO
PREZO PUBLICO POLA
REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES
CULTURAI E DEPORTIVAS.



**PROPOSTA DE ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR
ACTIVIDADES DEPORTIVAS E CULTURAIS**

Artigo 1.- Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no artigo 127 en relación co 41 ámbolos dous do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establécese o prezo público por actividades deportivas e culturais.

Artigo 2.-Concepto

O prezo público regulado nesta Ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten algunha das actividades culturais e deportivas organizadas polo Concello de Cervantes, sempre que as mesmas non sexan de solicitude ou recepción obrigatoria polos usuarios e non estean reservadas á entidade local.

Artigo 3.-Obrigados ó pago

Están obrigados ó pago do prezo público regulado nesta Ordenanza, as persoas que se inscriban nalgunha das actividades obxecto desta ordenanza.

Artigo 4.- Contías

1.O establecemento e contía do prezo público regulado nesa ordenanza será o que fixe en cada caso a Xunta de Goberno Local en atención ó custo dos mesmos.

2.-Para a fixación do importe do prezo público será necesaria a proposta do servizo ou departamento responsable da prestación do servizo ou realización de actividades, na que se xustifique documentalmente:

- a) O custo total da actividade ou servizo.
- b) O número estimado de asistentes ou participantes.

O importe dos prezos públicos pola realización de actividades deberá cubrir como mínimo o coste da actividade realizada.En todo caso , se o prezo a abonar polos interesados é inferior ó custo do servizo ou actividade nos termos regulados no artigo desta ordenanza, a proposta do servizo ou departamento responsable deberá incluír a previsión do seu financiamento.

Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público, que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo dos límites previstos no apartado anterior. Neste caso consignarase nos



CONCELLO DE CERVANTES

N. I. F.: P- 2701200 D - N. R. E. L. 01270121

orzsamentos as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante , se a houberse.

3. Acordadas as tarifas de cada actividade, o acordo será exposto no taboleiro de anuncios do concello a efectos da súa publicidade.

Artigo 5.- Normas de xestión

1.- A obriga do pago do prezo público regulado nesta ordenanza nace no momento da inscrición ou solicitude de participación.

2.- A estes efectos , deberase practicar polo obrigado ó pago (autoliquidación) correspondente , ingresándose o importe do prezo público nas entidades bancarias colaboradoras deste concello, e sempre antes de iniciar a actividade.

3.- No suposto de que por causas non imputables ó interesado , o servizo ou actividade non se preste ou non se desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor no prazo de 15 días contados a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia conforme dispoñen os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, permanendo en vixencia ata a súa modificación ou deroración expresa.

Cervantes, 16 de maio de 2008
O ALCALDE

Asdo; Benigno Gómez Tadrn